

## MESA SECTORIAL DO DÍA 2 DE MARZO DE 2021

**1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DO....DE...2021 POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 24 DE FEBREIRO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCAN PROCEDEMENTOS SELECTIVOS DE ACCESO AO CORPO DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN, AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, AO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS E AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E DE INGRESO AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, AO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, AO CORPO DE PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNCIAS, AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, AO CORPO DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, AO CORPO DE MESTRES E PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES POLO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DOS CORPOS DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E MESTRES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED001A).**

Desde ANPE Galicia consideramos que se debe **elaborar un protocolo ANTICOID** específico para as oposicións educativas do mesmo xeito que se está a facer para os procesos selectivos xerais da Xunta. Consideramos que as oposicións educativas teñen cuestións específicas que merecen un protocolo específico. Polo tanto, en consecuencia, debería constituírse unha comisión de traballo previa que traballe na elaboración de dito protocolo. Nesa comisión deberían tratarse cuestións como a dotación de material de protección axeitado, limpeza e dotación de material das sedes, busca de sedes axeitadas, como se van a tratar os posibles casos de infección por membros dos tribunais ou opositores/as, etc). **A Administración resposta que se vai a elaborar un protocolo. Non vai a haber unha comisión pero si están dispostos a reunirse coas Organizacións Sindicais.**

Con respecto ao aumento do número de tribunais, desde **ANPE Galicia** consideramos positivo dito aumento pero consideramos tamén que as rateos opositor/praza anunciadas polo presidente da Xunta de Galicia aínda é elevada e demandamos que se traballe para reducir ditas rateos a, con carácter xeral, 50 opositores/as por tribunal. Somos conscientes da dificultade que pode ter a Administración en determinadas especialidades pero consideramos que se poden tratar puntual e especificamente certos casos.

En relación ás sedes desde **ANPE Galicia** demandamos que se coñezan o antes posible. Somos conscientes de que a Administración xa está a traballar na busca de espazos amplos en moitas localidades e demandamos que se dote a ditos espazos (que non están habitualmente dedicados a este tipo de tarefas) do material axeitado para levar a cabo os procesos selectivos (mesas, cadeiras, etc).

**ANPE Galicia** propón a creación **dunha plataforma dixital** de comunicación entre opositores e tribunais para facilitar a resolución de dúbidas sobre o proceso e o seguimento do mesmo. Dita plataforma debe ser áxil e dinámica. **A Administración resposta que non é posible establecer dito mecanismo. Estudiará establecer un mecanismo de comunicación cos tribunais (para o envío de notificación sobre a situación de corentena e analizarán se dito mecanismo de comunicación podería ser válido para máis cousas).**

# MESA SECTORIAL



ANPE Galicia demanda que se elabore un documento que sirva como xustificación de desprazamentos para os opositores no caso de que, cando se teñan que desprazar para a realización dalgunha proba, no caso de haber algún tipo de restrición de mobilidade poidan ter xustificando dito desprazamento. **A Administración estudiará esta proposta chegado o momento.**

ANPE Galicia demanda que se **coñezan con suficiente antelación os tribunais definitivos** (xa que pouco teñen que ver os tribunais que se publican no DOG cos que, a posteriori, actúan nos procesos selectivos).

Desde ANPE Galicia insistimos, como xa vimos facendo desde hai anos, na necesidade de que se estableza un concurso-oposición real para que a **fase de concurso sexa efectiva** e non se limite a ser unha mera ordenación dos opositores que van a acadar praza. Debe facerse o maior esforzo posible para que non queden prazas desertas.

Deben darse **aclaracións claras o día do comezo das probas deixando 10/15 minutos** para resolver dúbidas puntuais ademais de que se poidan solucionar xa dúbidas a través da plataforma dixital de intercomunicación entre tribunais e opositores.

Solicitamos que a Administración conteste si se está abrindo a espita de que os **aspirantes poidan presentarse a distintas especialidades** ao non ter porque coincidir as datas da 1ª proba. **A Administración resposta que, efectivamente, o feito de que a 1ª proba non se celebre na mesma data en todas as especialidades (e aproveita para aclarar que na mesma especialidade a 1ª proba si se vai a facer o mesmo día tomando todas as medidas posibles para evitar aglomeracións) vai a posibilitar que os aspirantes se presenten a distintas especialidades.**

Tamén solicitamos que nos aclare dun xeito claro e común para tod@s se os aspirantes que finalmente deciden non presentarse e solicitan a **devolución das taxas** se lles vai a conceder dita devolución. **A Administración aclara que soamente se devolven as taxas, tal e como establece a convocatoria, a aqueles aspirantes que saen excluídos na listaxe definitiva.**

No apartado 10.1 da orde entendemos que tamén se debe poder **flexibilizar** no caso de forma maior debidamente acreditada **a realización da 2ª proba** e non soamente da 1ª. **A Administración resposta que de xeito habitual e xa en anteriores convocatorias, os tribunais teñen liberdade para modificar, valorando cada circunstancia de cada aspirante, a data de celebración da 2ª proba.**

Finalmente solicitamos unha aclaración sobre o que supón a proba do **10 de xullo** xa que en certas comunidades estase a falar dun tribunal COVID que permita a realización do proceso selectivo a persoas con COVID ou en corentena. ANPE Galicia oponse a esta idea. Desde o noso punto de vista debe prevalecer a saúde ante todo e non se pode permitir que ningunha persoa en corentena ou contaxiada de COVID rompa o seu illamento para ir a realizar as probas. **A Administración resposta que o día 10 de xullo é unha proba límite e que todas aquelas persoas que non a podan facer nesa data (ben por enfermidade ou por illamento ou corentena) non poderán facela.**

**A Administración aproveita para anunciar que está a traballar nun sistema automático e informatizado de baremación dos méritos dos aspirantes similar ao que está a funcionar no Concurso Xeral de Traslados por exemplo.**

A Administración está a valorar as seguintes cidades e vilas para as oposicións (non serían aplicables ao corpo de mestres onde os aspirantes xa poden elixir localidades): as 7 grandes cidades, Culleredo, Oleiros, Narón, Foz, Sarria, Vilalba, Viveiro, Carballiño, Ribadavia, Allariz, Vilagarcía de Arousa, Lalín, Porriño e Cangas. Unha mesma especialidade estará nunha única localidade. Estas localidades hai que collelas, de momento, con certa cautela xa que se están a estudar e poderían caer localidades ou entrar outras novas.

## 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Sobre a sentenza **de inadmisión a trámite sobre o concurso de Cátedras de Música** gustaríanos que a Administración nos dese unha resposta sobre como se vaia a actuar pero sabemos que non vai a ser posible xa que hai distintos recursos activos sobre diferentes cuestións e que van en liñas diferentes. Demandamos coñecer que ten pensado facer a Administración. **A Administración educativa informa sobre a situación dos distintos recursos que ten presentado e que, por este motivo de inseguridade da cuestión, non se convocaron este ano as vacantes que podería haber no Concurso de Traslados. Informa tamén que a sentenza recentemente publicada non implica que os recurrentes accedan á condición de catedráticos senón que a perdan os implicados na sentenza. Con respecto ao concurso de Cátedras de Secundaria e outros corpos o calendario que manexan é para que estea resolto para ser nomeados a data de 1 de setembro. Están a comezar e hai aproximadamente 6000 solicitudes. Faltaría a data de hoxe resolver o baremo das persoas que incorporaron datos á base de datos persoais e cando se remate farase publica a puntuación provisional dos aspirantes para abrir un prazo de reclamacións.**
- Demandamos información dos **centros que se van a transformar en CIFP** e que estea o tema perfectamente aclarado antes da resolución definitiva do CXT para telo en conta á hora de adxudicación de vacantes. **A Administración resposta que incorporará ou quitará as vacantes nos centros afectados a medida que vaian tomando decisións sobre os centros que finalmente se transforman ou non.**
- Denunciar a **intención de pechar** o colexio de Baamonde e a supresión de liñas de transporte escolar na montaña lucense.
- Solicitamos a **flexibilización da fase de prácticas das oposicións** no caso do permiso de partenidade do mesmo xeito que se fai co permiso de maternidade.
- Solicitamos aclaracións sobre o **aprazamento das licenzas de formación o curso pasado**. Aos afectados informóuselles de que poderían facelo no terceiro trimestre deste curso pero non tiveron máis notificacións ao respecto.
- Demandamos que a Administración **debe trasladar información aos centros educativos sobre o portal COVID** xa que moitos centros descoñecen a existencia do mesmo e a información que

contén. Neste punto a Administración informa de que ten control sobre todo o persoal docente que foi remitido nas listaxes a Sanidade para vacinar.

- Demandamos información sobre as **convocatorias pendentes de asesorías**, persoal dos centros de formación, etc. **A previsión da Administración é a de traelas á Mesa Sectorial cando estea resolto definitivamente o Concurso de Traslados.**
- Demandamos coñecer a postura da Comunidade Autónoma sobre **o curso para exercer a función directiva** nos centros docentes. **A postura inicial da Administración se coñecerá cando se coñeza o documento marco estatal**
- Demandamos tamén información sobre **a prelación na adxudicación** dos diferentes **concursos de traslados** pendentes de resolver. **Sairán publicadas as resolucións provisionais dos concursos específicos o mesmo día que está prevista a resolución provisional do concurso xeral de cada corpo.**
- Demandamos que a Administración **compute por defecto** en vindeiros concursos de traslados a **puntuación por prestar servizos en centros de difícil desempeño** independentemente de que se concurse desde dita praza tal e como establecen as recentes sentenzas ao respecto. **A Administración resposta que a nivel estatal tomouse o acordo de non modificalo no actual concurso. Estudiarase a nivel estatal a posible modificación para os vindeiros concursos analizando o contido das distintas sentenzas.**
- Demandamos que o **SERGAS** asine o Acordo de convenio co Rural con **MUFACE** xa que somos das poucas Comunidades que non o ten asinado.
- Demandamos que se xestione a cuestión **do certificado de vacinación do profesorado** con prestación sanitaria en entidades privadas ao que non lle vai a constar no seu expediente médico electrónico. **A Administración artellará a forma de facelo.**
- Demandamos que **as ausencias por causa dos efectos da vacinación** non se computen como horas de imprevistos. **A Administración resposta que estudiará como facelo.**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 14:00 horas.